

24/2019. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día trinta de outubro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS: 10.10.2019 (21/2019), 14.10.2019 (22/2019) E 17.10.2019 (23/2019).

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a aprobación de actas das sesións realizadas o día 10.10.2019 (21/2019), 14.10.2019 (22/2019) e o 17.10.2019 (23/2019). Como sempre as imos a votar de forma individual. Algo entorno a algunha delas?. As sometemos a votación entón, en primeiro lugar a do 10 de outubro: votos a favor, abstencións.

O Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 5 PP, 2 PSOE, 1 BNG), e coa abstención do concelleiro D. José Angel Martínez Bardanca, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 10.10.2019 (21/2019).

Sra. Alcaldesa: Pasaríamos a acta do 14 de outubro: votos a favor.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 14.10.2019 (22/2019).

Sra. Alcaldesa: E a acta do día 17 de outubro: votos a favor.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 17.10.2019 (23/2019)

Sra. Alcaldesa: Ben, pois entón pasamos ao segundo punto da orde do día.

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA INDUSTRIAL QUE SE ESTÁ A VIVIR NAS COMARCAS DE FERROL, EUME, ORTEGAL, TERRA CHÁ E A MARIÑA OCCIDENTAL.

Tras deliberación, sométese a votación a “Declaración institucional sobre a situación de emerxencia industrial que se está a vivir nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña Occidental”, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á citada declaración institucional, segundo texto obrante no expediente.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: E o seguinte punto da orde do día é a Declaración Institucional sobre a situación de emerxencia industrial que se está a vivir nas comarcas de Ferrol, Eume, Ortegal, Terra Chá e A Mariña Occidental. E... abrimos un turno de intervencións, José Angel..

Sr. Martínez Bardanca: Non se recolle a intervención, por non ser audible.

Sra. Alcaldesa: Miguel

Sr. Mahía Prados: Boas tardes, sra. Alcaldesa, Concelleiros, veciños do público, bueno nós presentamos este mesmo mes unha moción en defensa do... do tema de As Pontes, non, era un tema moi concreto e foi o... onde o focalizamos, na problemática que había no Concello de As Pontes polo peche de Endesa e da Térmica. E... díxose nese Pleno que se trouxera esta mesma, esta mesma declaración, nós entendemos que non, porque son temas si que si, que afectan ao emprego, pero que teñen solucións diferentes, e dixemos que cando se producise esta declaración nos obviamente falaríamos da declaración cando... cando tocara. Toca falar da declaración, e como non podía ser de outra forma, xa anunciamos o noso voto favorable para esta declaración porque precisamente nese mesmo Pleno e... nos pedíamos altura de miras, pedíamos antepoñer o emprego as siglas, a calquera cousa, isto e unha declaración que insta dentro das competencias e isto é importante remarcalo, de cada Administración, facer o traballo que lle corresponde, ben sexa Consellería de Industria, ben sexa ao Ministerio de Industria, competencia do Goberno Nacional, e nós obviamente como non podía ser de outra forma, imos apoiar esta declaración, e ademais imos apoiar esta declaración porque hai unha empresa en Mugardos de vital importancia que aparece nesta declaración institucional, que é Reganosa. Reganosa é unha empresa que subministra o gas a plantas como Sabón ou a propia As Pontes e que grazas a ese subministro xera entorno ao 12% de enerxía total de Galicia. Eu quero felicitar a Alcaldesa por firmar esta declaración a favor tamén de Reganosa, logo de tantos anos pedindo neste Pleno moción tras moción, e... comisión tras comisión o seu peche, eu agradézolle que por esta ocasión defenda o posto..., os postos de traballo de estes traballadores e a implantación da empresa aquí en Mugardos.

Sra. Alcaldesa: Ben, abrimos un segundo turno, si non hai... Gemi, perdón.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno boa tarde a todos e a todas, nós dicir que bueno, que xa cando se debateu no... no Pleno a moción que presentaba o Partido Popular que nós nese momento votamos en contra porque entendíamos que era unha moción un pouco oportunista e electoralista, o certo e que estábamos de acordo xa na declaración institucional que tiñan firmada os e... alcaldes das... bueno, dos diferentes concellos da comarca, e entendíamos que esta Declaración Institucional é a que aparece aquí máis ou menos e entón nós votamos en contra de esa moción, porque entendíamos que a declaración estaba feita e asinada incluso polos Alcaldes do Partido Popular, que un día despois desmarcáronse con.... con esa moción, entón como non pode ser doutra maneira, e a nosa xustificación foi esa, pois hoxe tamén vamos a votar a favor de esa declaración.

Sra. Alcaldesa: Ben, pois entón sometémola a votación, votos a favor da Declaración Institucional.
Pasamos ao segundo punto.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ELABORACIÓN DE PROXECTOS PARA O POS 2020.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a Elaboración de Proxectos para o POS 2020, coas emendas introducidas no debate polo voceiro do grupo municipal de EU-SON EN COMÚN, e que foron aceptadas polo relator da moción, e coa modificación feita polo voceiro do Partido Popular, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Instar ao goberno a elaborar os informes técnicos necesarios para a creación dun novo parque na Urbanización do Pazo de As Condesas, tendo en conta as necesidades do conxunto da cidadanía.
- 2.- Instar ao goberno a elaborar os informes técnicos necesarios para cubrir a pista do Colexio de Franza, tendo en conta os condicionantes urbanísticos e as necesidades presentes e futuras, tanto da comunidade educativa como do conxunto da cidadanía.
- 3.- Instar ao goberno a elaborar os informes técnicos necesarios para a redefinición dos espazos e patio cuberto do CEIP Unión Mugarcesa, así como da pista municipal ao aire libre, para un mellor aproveitamento do espazo existente, cumprindo coas necesidades presentes e futuras, tanto da comunidade educativa como do conxunto da cidadanía.
- 4.- Que a comisión monográfica sobre o POS solicite as memorias das obras de todos os grupos, para que se poidan encargar os proxectos das seleccionadas pola maioría.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: O terceiro punto é unha moción do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a elaboración do proxecto para o POS 2020, antes de darlle a palabra ó relator, dicir que

se vai convocar no día de mañá, toda vez que saíu publicada o luns a orde que regula o POS 2020 unha comisión extraordinaria, unha vez que se formalice mañá a comisión de obras, unha comisión extraordinaria para o día 6 de novembro ás 10:00 h. da mañá.
Si, Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, xa saíu cales son os acordos fundamentais de esta moción, que son fundamentalmente xa fixar criterios claros de planificación e obviamente de... bueno, de estruturación de un proxecto que é moi importante para este Concello, en canto a inversións en colaboración coa Deputación Provincial e para nós é fundamental para marcar liñas importantes para que Mugaros non siga, en todo caso, improvisando e que teñamos por fin un proxecto de POS que non sufra os vaivéns dos últimos POS que vivimos aquí que a punto estivemos de perder ambos.... ambos POS, e, polo tanto, cremos que é prioritario que a Corporación empece a fixar obxectivos e altura de miras para que teñamos uns proxectos ben definidos para o POS do ano 2020, e evitar en todo caso, pois que o tempo se bote encima e teñamos que improvisar, cuestión que de todas maneiras pois, non nos parece prudente dada e.... bueno pois a importancia de estas partidas para o noso Concello, por tanto esta é a moción para fixar esa posición, e para que se poidan elaborar os proxectos fundamentais para que entre todos podamos valorar aqueles que, en todo caso, sexan prioritarios. Nós expuxeramos obviamente unha proposta que foi pois en función de ese requirimento veciñal que é ese Parque das Condesas que se retirou e que non se volveu a poñer e lxicamente bueno pois tamén esa cuberta do Colexio de Franza, pois que tamén é necesario para... pois dignificar esa Educación Pública da que todos nos queremos sentir orgullosos. Nada máis, esa e a primeira cuestión que quería expor.

Sra. Alcaldesa: Abrimos un primeiro turno de intervencións. E... José Angel

Sr. Martínez Bardanca: Non se recolle a intervención por non ser audible.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Martínez González: (que traducido di). Si, boas tardes a todos e a todas, nós presentamos tres emendas a esta moción que presenta o Partido Popular, que todos os grupos xa coñecen, e presentámolas porque son temas nos que o goberno está traballando, pero que cremos que non necesariamente se teñen que incluír neste POS 2020, e pode haber outras moitas propostas, como tamén consideramos que este debate como dicía a Alcaldesa ten que darse nesa comisión monográfica que é para a vindeira semana, onde pois todos os grupos poidan aportar as súas... as súas propostas e ideas.

Sra. Alcaldesa: Abrimos un segundo turno. E... Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, nós dicir simplemente que si o Partido Popular, non sei se vai aceptar as emendas presentadas por Esquerda Unida, pero se as acepta estaríamos dispostos a... a votar a favor de esta moción, porque é certo como dixo tanto o PSOE como Esquerda Unida que isto debe ser máis ben debatido nunha comisión de obras, porque nós entendemos que nós tamén temos algún que outro proxecto que por exemplo, nunha.... na

terceira emenda que presenta Esquerda Unida fala da pista polideportiva e do patio cuberto de CEIP Unión Mugar desa que nós pedíamos o peche dela, pero bueno si o certo e que se vai a falar con, coa comunidade educativa e coas ANPAS, e se vai a facer algo que eles vexan mellor, pois estaríamos como digo dispostos a votar a favor, aínda que sen renunciar a que o día de mañá poida... poida levarse a cabo o peche. Tamén é certo que entendemos que deberíamos convocar ou na e.... bueno, creo que tería que ser extraordinaria, porque é certo que o POS xa está aí, na cal pois debater os diferentes proxectos que poida presentar cada un dos grupos, pero o certo e que digo se o PP acepta estas emendas, nós estaríamos dispostos a votalas a favor, porque entendemos que é ir adiantando traballo para cando se convoque a comisión, esa extraordinaria, e ter os informes técnicos de cantas máis obras mellor, para poder debatelos e votalos.

Sra. Alcaldesa: Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Bueno, e.... vamos a ver, a posición que mantivemos ata agora é a de loxicamente buscar un consenso entre todas as forzas que están aquí representadas, obviamente, nós non imos impoñer unha moción, e non ten sentido as imposicións, non é o noso estilo impoñer nada, e polo tanto en aras do consenso, queremos que, en todo caso, sexa un POS na que todo o mundo teña participación, que todos os grupos que van a facer as aportacións en base a proxectos técnicos, e polo tanto, vamos a apoiar as emendas, vamos a aceptar as emendas e vamos a engadir, en todo caso, unha modificación e é que, en todo caso, se en esa comisión monográfica que vaia facer o goberno, haxa un compromiso claro e ben definido de que se van a solicitar todos os permisos de todas as opcións que dean os distintos partidos aquí representados nas comisións, para tomar unha decisión en base a todo, non os que vostedes nos poñan encima da mesa, e dicir, cada grupo fará unha proposta e sería o lóxico facer eses, eses anteprojectos de... esas memorias para valorar entre todos esas... esas condicións, porque si vostedes nos van a poñer encima da mesa o que vostedes consideran, non podemos valorar os demais o que non temos, non sei se me expliquei con claridade.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Agora si, porque antes dixeches os permisos encima da mesa, por iso...

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Dixen os permisos?

Sra. Alcaldesa: Claro, por iso...

Sr. De Deus Fonticoba: (Que traducido di) Bueno...., o que ten boca equivócase.

Sra. Alcaldesa: Bueno, para aclarar antes de que se vote, e... as memorias para ser claros, antes de que se poida decidir, porque todo mundo sabe que non é o mesmo e... a redacción dunha memoria que a redacción de un proxecto, e que polo tanto quero dicir, leva máis, bastante máis tempo a redacción dun proxecto e o que serían as.... as memorias valoradas, pero sempre co compromiso dos grupos municipais para que as obras seleccionadas que contén coa maioría da comisión, e se solucione nun tempo prudencial para que poidan ser encargados os proxectos, e teñamos e.... non poñer en risco que se poida aprobar antes do 19 de decembro,

que é a data límite que teñen que facer os informes necesarios, tanto de Secretaría, de Intervención, como os propios de aquí do Concello, se é necesario convocaremos varias en períodos tempos....., cortos de tempo, pero para que poidamos ter claro os proxectos que se vaian encargar, que van a contar co apoio plenario, con tempo suficiente para que dea tempo a tramitación do POS.

Sra. Alcaldesa: Pechas Juan Domingo?

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Ben, pois nada, con ese compromiso en todo caso, de traer esas memorias valoradas en función dos proxectos que se poñan encima da mesa na comisión, nós damos por... por boa, pois desde o punto de vista que creo que representa a todos os grupos que estamos hoxe aquí.

Sra. Alcaldesa: Sometémola a votación, entón. E... votos a favor.
Ben pasamos ao seguinte punto da orde do día.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SINATURA DUN CONVENIO COA ENTIDADE PULPEIROS BTT.

Tras deliberación, sométese a votación a moción presentada polo portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular sobre a sinatura dun convenio coa Entidade Pulpeiros BTT, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda aprobar a devandita moción e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar ao goberno para que unha vez se presente por parte do Club Pulpeiros a memoria, e analizado polo técnico deportivo, vaia a unha comisión antes de asinar un novo convenio con Pulpeiros BTT.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: Ten a palabra o relator.

Sr. Mahía Prados: Grazas Sra. Alcaldesa, ben, nós a moción que presentamos referente a firma dun convenio cos Pulpeiros BTT, vén motivada un pouco polo histórico que vén facendo esta entidade polo Concello de Mugardos. Actualmente firmábase un convenio con eles para cambiar a proba de Open Nacional de 3.000,00 euros, e nos cremos que bueno, sobre todo despois da... do que aconteceu o 2 de setembro no incendio de Monte Faro, que saíu a poñer de releve todas as actuacións que fan mantendo camiños, non só dentro de Mugardos, senón tamén fora, pero no que nos toca aquí en Mugardos, referente ao labor que fan polo mantemento dos camiños de Mugardos, e non soamente iso, como entidade deportiva, pois ten outra serie de custos, como pode ter calquera outra, é entendemos que por parte do Concello poderíase apostar un pouco máis e que non quedara e... o compromiso municipal nun convenio de 2.500 euros, creo recordar cando se fai unha proba nacional, entón a nosa proposta de moción é de un convenio de 10.000 euros que viña fundamentalmente e... proposto e argumentado en 5.750

euros destinados ás tarefas de desbroces, dentro do Concello de Mugar dos, que están e... tabuladas en dúas hectáreas e media e cun coste de 0,23 euros o metro cadrado, segundo o xerador de prezos de CIP ingenieros, 700 euros destinados a..., bueno, 750 destinados á compra de combustible para material, os 3.000 euros para realización de probas deportivas, e 500 pois para coitelas, repostos, etc. Estamos abertos totalmente a cambiar, obviamente como se trata dunha... dunha moción que require un compromiso de... de fondos, obviamente había que ter en conta pois os criterios por parte da Intervención Municipal de que cousa sería mellor ou máis aconsellable para realizar este tipo de... de convenios ou de xustificacións, non. Nós o que queremos poñer de manifesto e que é unha entidade que ten moito pulo no noso tecido asociativo, e que cremos que desde o Concello de Mugar dos se pode facer un pouco máis por eles.

Sra. Alcaldesa: E... abrimos un primeiro turno. E... José Angel

Sr. Martínez Bardanca: Non se recolle a intervención, por non ser audible.

Sra. Alcaldesa: Lola.

Sra. González Lorenzo: Si, desta moción xa se falou na comisión, e na propia comisión informativa xa se comentou que a Asociación Pulpeiros BTT non entregara por rexistro a solicitude de querer negociar un novo convenio, que sabemos que de momento é a forma de solicitálo, a petición propia, tamén tivemos unha xuntanza coa Asociación Pulpeiros BTT, co técnico deportivo do Concello, e esta Asociación nos di que o que pretenden eles é firmar un novo convenio como xa firmaron, dándolle continuidade ó 18, 19, e desenvolvelo cinguíndose ás probas deportivas que así realicen, que é como firmamos estes convenios, contra unha actividade que fan eles, ou varias actividades, que presentarán no Concello unha memoria, o desenvolvemento destas probas, as diferentes que queiran realizar, e as necesidades e axuda económica para o seu desenvolvemento, isto nos comunica, entón eu creo que polo tanto, e sendo o máis adecuado tanto para eles como para o Concello, e agardar a que nos entreguen a súa proposta, a que nos cuantifiquen na súa proposta estas probas deportivas, porque parece que a moción non vai de acordo co que eles expresan, nin cos intereses deles nin do Concello.

Sra. Alcaldesa: 2º turno. Queres intervir antes? Miguel

Sr. Mahía Prados: Si, bueno, a vista de... do exposto, e... referente ao que acaba de comentar agora Dolores, é certo que se levou a unha comisión, despois de que se nos dixera que esta moción non podía vir ao pasado Pleno, vale, entón por iso preguntouse nesa comisión e agora a moción vén a Pleno. Referente a... a propostas deportivas, dixémolo... díxeno eu mesmo fai un rato, entendo que igual pois desta forma non pode ser, podería ser de outra, entendo tamén por suposto que se xa se falou cos representantes da Entidade e van a presentar unha memoria, e... tamén á vista un pouco da postura do PSOE de que sería máis fácil levalo a unha comisión, nos gustaría reformular a moción e sería que se levara un punto na vindeira comisión de cultura para que se dixera un pouco cando vai, bueno como están os trámites, ou ben cando unha vez se teña o coñecemento de que esa entidade presentou o... a solicitude de... de convenio, se nos notifique ós grupos, e se elabore unha comisión pois para tratar o tema.

Sra. Alcaldesa: E... un segundo antes da segunda intervención, porque eu participei na reunión co técnico deportivo e co presidente do Club Pulpeiros, e... se deron de tempo máis ou menos, se deron de tempo digo eles, máis ou menos un mes para presentar a memoria e o programa para o ano 2020, entendendo ámbalas dúas partes que estamos a falar dun convenio novo para o 2020, e nunca xa para... para este ano. O prazo que marcaron que a entregaran primeiro ó técnico deportivo para que poidan avalialo é do prazo dun mes. Eu non sei se é necesario redefinir a moción, porque ademais téñeno que solicitar eles, senón en todo caso, en canto entre por rexistro e a teña vista tamén o técnico deportivo iría a Comisión de Cultura, Deportes..., vale?
Bueno, Gemi.

Sr. Varela Filgueiras: No bueno, eu simplemente quería saber como queda a moción.

Sr. Mahía Prados: Si nada, sería pois que finalmente tras o exposto de que por parte de BTT se deron ese prazo de un mes, pois segundo as palabras ditas pola Alcaldesa, e que unha vez se teña o acordo, pois se leve á correspondente Comisión de Cultura para ter coñecemento os grupos.

Sr. Varela Filgueiras: Si bueno, entendo que igual era case mellor retirar a moción e que quitáramos de aquí un acordo de que se vai levar á Comisión.

Sra. Alcaldesa: Bueno, perdón, non sei se quere intervir alguén máis no segundo turno. E... Miguel tes a palabra.

Sr. Mahía Prados: Vale e... a ver, se ten que haber un acordo, por iso, que o acordo estea na moción, non, acordo por parte do goberno de que se... se leve este punto.

Sr. Varela Filgueiras: Entón o punto único sería o acordo de levalo á comisión, vale perfecto. No... no, que entón o punto único da moción sería o acordo de levar á comisión.

Sra. Alcaldesa: Vale, entón quedaría que: “instar ao goberno que unha vez que, trala reunión, unha vez que se presente por parte do Club Pulpeiros a memoria, e analizado polo técnico deportivo, vaia a unha comisión antes de asinar un novo convenio con Pulpeiros BTT.”

Non audible...

Sra. Alcaldesa: Transmitirémolos ao técnico, ao de Deportes digo, vale.

Sr. Varela Filgueiras: Si, bueno, eu quixera dicir que estamos de acordo e vamos a votar a favor de ese punto da moción, pero tamén que quede constancia de que nós non somos partidarios das subvencións nominativas, e despois isto haberá que debatilo nas comisións, e sempre aparece que votaches a favor dun acordo da sinatura dun convenio, bueno, nós vamos a votar a favor dese acordo, de que se leve á estudialo na comisión, pero que conste que nós en principio non somos partidarios de... de continuar a asinar subvencións de tipo nominativo.

Sra. Alcaldesa: Ten a palabra o relator se quere pechar, non, sometémola a votación entón con ese acordo. Votos a favor.

Ben, pasamos o seguinte punto da orde do día

5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA NÚMS.: 1.143/2019, 1.158/2019, 1.159/2019, 1.161/2019, 1.164/2019 E 1.170/2019.

Sra. Alcaldesa: O seguinte punto: dar conta das resolucións da alcaldía núms.: 1.143/2019, 1.158/2019, 1.159/2019, 1.161/2019, 1.164/2019 e 1.170/2019.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

- **Resolución da alcaldía núm. 1.143/2019, de 18.10.2019**, sobre revogación de competencias efectuada pola resolución da alcaldía núm. 873/2019 do 13.08.2019 no Concelleiro José Angel Martínez Bardanca

- **Resolución da alcaldía núm. 1.158/2019, de 22.10.2019**, sobre cese dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE no cargo de Presidentes/as de comisións informativas.

- **Resolución da alcaldía núm. 1.159/2019, de 22.10.2019**, sobre Aceptación renuncia das delegacións de atribucións efectuadas nas/os concelleiras/os do Grupo Municipal do PSOE.

- **Resolución da alcaldía núm. 1.161/2019, de 22.10.2019**, sobre o cese de membros da Xunta de Goberno Local e de Tenentes de Alcalde dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal de PSOE, nomeamento de novos membros da Xunta de Goberno Local e nomeamento de novos/as Tenentes de Alcalde.

- **Resolución da alcaldía núm. 1.164/2019, do 22.10.2019**, sobre a finalización do réxime de dedicación exclusiva do Concelleiro do Grupo Municipal do PSOE.

- **Resolución da alcaldía núm. 1.170/2019, de 23.10.2019**, sobre nomeamento xurado XXIX edición do concurso de pintura Bello Piñeiro.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM. 1008/2019 Á 1172/2019, AMBAS INCLUSIVE.

Sra. Alcaldesa: Pasariámos ao seguinte punto da orde do día, que sería: Dar conta das resolucións ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario: Resolucións da 1008/2019 á 1172/2019, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núms. 1008/2019 á 1172/2019, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

Sra. Alcaldesa: Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, e... nada manifestar ao igual que levo facendo durante todos os plenos, non, de que tiña que vir un punto na orde do día segundo establece a Lei Reguladora de Facendas Locais referente aos reparos que formula intervención e ten que... tería que vir aquí a dar conta, e solicito neste pleno sumado xa aos pasados plenos, se é posible que na vindeira Comisión de Facenda se leve a dar conta os reparos emitidos das resolucións 1.047, 1.098, 1.110, 1.121, 1.125, 1.128, 1.142 e 1.178. Nada máis. Grazas.

Sra. Alcaldesa: Vale, para tranquilidade do portavoz do Partido Popular, mañá asinarei unha providencia da Alcaldía, instando á Interventora a que formule o expediente e o deposite en Secretaría, para que se poida convocar un Pleno e se traian todos os reparos como un punto único da orde do día, todos os reparos do 2019.

Sr. Mahía Prados: Vale, moitas grazas.

Sra. Alcaldesa: Hai algunha moción pola vía de urxencia? Non hai, non? Ben, entón pasamos aos rogos e preguntas

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Alcaldesa: Punto 7.- Rogos e preguntas. E... Jorge Manuel Kuntz

Sr. Kuntz Peiteado: Boas tardes, eu traio dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita, e ademais un rogo. Entón, todas as preguntas son para a Sra. Alcaldesa. Empezo polas orais. E... bueno explicar un pouco a primeira pregunta. Dada a situación da... de que vén o outono e na Avda. Bello Piñeiro e... tras a caída da folla, os sumidoiros quedaron bastante tocados, por non dicir que a maioría non tragan, entón cando teñen previsto limpar estes sumidoiros? E a segunda vén con respecto ao asfaltado de Boado, e... tras unhas queixas duns veciños parece ser que este asfaltado case parece lacado, entón que patina bastante. Como teñen previsto solucionar estes problemas?. E logo as de resposta escrita, os días 15 e 24 de este mes recibimos unha solicitude da Subdelegación do Goberno na que se pedía un informe a favor ou en contra de Reganosa. Cal é o motivo de non habelo enviado?. A outra é: Que denuncia ten o Concello de Mugar dos na Garda Civil co núm. de infracción 80.276?. E por último o rogo, que na Travesía de Celso Emilio Ferreiro, que é por detrás de Bello Piñeiro, hai uns cables de teléfono que están basicamente a ras de chan, ou sexa a alcance de calquera, xa o dixen nunha comisión, non é un voltaxe mortal, pero para un neno pequeno podería traer problemas, visto que os nenos botan a man a todo é bastante problemático. Nada máis. Gracias.

Sra. Alcaldesa: Ben, para empezar por... por a primeira, bueno, como todo o mundo sabe, desde servizos planificase chegando o outono, como dicías ti, a limpeza dos sumidoiros, e no día de hoxe aínda estaban os traballadores municipais facendo os da Areosa, e van a seguir

coa súa planificación para ir limpando todos os sumidoiros, sobre todo nas zonas en que se acumula máis auga, e polo tanto hai máis perigo de inundación, se non están ben limpos. De todas formas, tamén anuncio que levaremos o.... o expediente e... do destocamento das árbores da Avda. Bello Piñeiro a vindeira Comisión Ordinaria de Obras. E con respecto á segunda, despois se queres replicas, con respecto á segunda, bueno, a execución da obra non se considerou satisfactoria por parte da dirección de obra e o adxudicatario, bueno, propuxo unha solución que é o firme que hai agora, executou esa solución que está aínda sen validar por parte de dirección de obra, e está sen validar porque está pendente dos ensaios que xa encargou a dirección de obra a un laboratorio especializado, para comprobar o esvaramento mediante, bueno, unha fórmula de péndulo de fricción, e polo tanto, ata que teña os resultados a dirección de obra, non se vai a recepcionar a obra.

Ana.

Sra. Varela Bastida: (que traducido di): Bueno, eu teño dúas preguntas de resposta oral, dúas de escrita e logo quería facer uns rogos. E... as de resposta oral: Ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto: Cantas traballadoras de SAF hai de baixa? A segunda ao Concelleiro de Goberno, Iván Martínez: Cales serán as súas funcións de primeiro Tenente de Alcalde? As de resposta escrita: Ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto, ou a quen corresponda: Si ten previsto realizar desde a súa área algunha labor de formación en materia de enfermidades de transmisión sexual en colaboración con centros educativos, tal e como propuxemos en comisión?. E ao Presidente da Comisión de Benestar, Genaro Prieto, ou a quen corresponda: Si ten xa coñecemento do que é o PIA?. Logo quería facer un rogo e é sobre todo coas preguntas que se fan nos plenos e na comisión, porque sempre son preguntas que non se contestan, e eu creo que estas preguntas non están en... vamos a ver, non son preguntas que non se poidan contestar, son preguntas que necesitamos para facer a nosa labor e que necesitan tamén saber os veciños, entón xa se traerá, xa se verá, creo que non son respostas porque estamos en un Concello, non estamos en un patio de colexio. Hai unha ademais, unha resposta, si unha resposta a unha pregunta que fixen no Pleno Ordinario anterior no que se me contestou sobre o ratio de nenos, e... monitores no comedor escolar: “cumprindo o Real Decreto da Xunta de Galicia, entón gustaríame que se trouxera o Real Decreto da Xunta de Galicia onde di iso. É un rogo que fago porque, creo que non hai Real Decreto na Xunta de Galicia, entón e... cando se conteste, xa se contesta mal, pois polo menos que se nos dean solucións, que para iso estamos aquí, é que me parece moi forte e moi irresponsable as respostas que se nos están dando en Benestar sobre todo, e non é..., a ver, tan irresponsable é a persoa que está en Benestar, como o que o colocou alí. É un rogo que fago, que por favor, que se teña máis seriedade con estas cousas.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Moitas grazas polo rogo, pero isto non é nin o patio do colexio, nin é irresponsable.

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) Pois o parece Pilar, o parece.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Eu non che interrompín Ana, nin é irresponsable o Presidente da Comisión, nin é irresponsable quen o nomeou. Ten a palabra o Presidente da Comisión se quere contestar ás preguntas.

Sr. Prieto Iglesias: A ver, non entendo... non entendo a pregunta. Por que razón as que están de baixa do SAF, en tal caso serían os traballadores do Concello, pero cal é a razón para preguntar repetidamente polas baixas do SAF, en fin, debo ser moi cortiño, porque non o acabo de entender.

Sra. Varela Bastida: (que traducido di) E... vamos a ver é a Comisión de Benestar, e eu entendo que debería de ser coñecedor de cantas traballadoras do SAF hai, porque na última vez que o preguntei díxome que non as había contado, entón a min paréceme moi forte que en unha comisión, e que é tan importante para as persoas dependentes, me conteste: e que non as contei. Non sabe cantas hai?. Non sabe a que vén a pregunta?

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Martínez González: (que traducido di) Si, pois as funcións que serán... que tería como primeiro Tenente de Alcalde son as que aparecen recollidas na resolución.

Sra. Alcaldesa: Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba: A ver se teño máis sorte eu. Bueno, a primeira é para o Sr. Iván Martínez. Despois de varios plenos sen saber dicirnos cales eran as súas funcións no goberno municipal, preguntamos de novo que funcións desempeñou ata o de agora? para que nos despexe esa dúbida. A segunda pregunta é para a Alcaldesa, Sra. Pilar Díaz Otero, e pregúntolle pola situación na que se encontran os 500.000 € que anunciou en plena campaña electoral municipal con Reganosa, para investilos no Zárate, dado un logro de tales características pois é importante que saibamos como está esa situación. En canto ás dúas preguntas de resposta escrita, tamén as dúas para a Sra. Alcaldesa, é, a primeira a que se debe o seu cambio de postura de defender o peche da planta de Gas e agora defendela? Quixera que se nos faga esa aclaración. E a segunda e... Cal é o motivo polo que non leva os reparos suspensivos nin a comisión nin a pleno? Creo que xa o dixo antes, en todo caso, se non quere contestar xa queda contestada, non ten máis relevancia, e un único rogo para finalizar, é que en estes días fomos coñecedores de que se produciu un roubo de aproximadamente 8.000 euros de mercadoría dun local de hostalería de Mugaros e un intento de roubo a unha señora, e cortáronselle as rodas a un taxista de este Concello, feitos que obviamente nos preocupan, e que supoño que nos preocuparan a todos, por iso rogamus que en todo caso, se tomen as medidas oportunas, creo que é un tema e... de relevada importancia que a delincuencia faga un repunte neste momento, e en todo caso igual é boa... unha boa medida convocar a Xunta Local de Seguridade, para estes temas e para outros, para reforzar a seguridade cidadá, en todo caso quixeríamos un pouco saber pois esas cuestións, que se informe das medidas que... que vai adoptar o goberno na comisión correspondente.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ben, vou empezar eu contestando, vou empezar polo rogo e é que nós temos a mesma preocupación que comparte o portavoz do Partido Popular, en canto aos actos citados no seu rogo, e por elo xa o Xefe da Policía se reuniu en varias ocasións durante esta semana co sarxento de mando da Garda Civil, para poder ter unha estratexia

conxunta, e que por suposto, evitar e ter os bos ratíos que se teñen e así se manifestaron na Xunta de Seguridade última que houbo de delincuencia en Mugarodos, polo tanto estase en coordinación, tanto a Policía Local como a Garda Civil, non só para esclarecer os feitos citados senón para tomar todas as medidas preventivas, e que Mugarodos poida seguir tendo isos bos ratíos de delincuencia que siga... que tivo o ano pasado, e xa lle contesto antes de que lle contesten, vamos a alterar a orde, contéstolle eu a segunda pregunta, en que situación están os 500.000 €?, pois creo que a resposta deuse na Comisión de Urbanismo. Son 500.000 €. con carácter finalista asinados no protocolo, pero que necesitaban da aprobación do proxecto por parte de Patrimonio, e un proxecto que, a proposta da Alcaldesa na Comisión de Urbanismo, pois saíu rexeitado e por tanto non se vai a encargar.

E... Iván ten a palabra agora.

Sr. Martínez González: (que traducido di) Pois as funcións que desempeñei ata agora foi, pois traballar en beneficio de todos os Mugardeses e Mugardesas.

Sr. De Deus Fonticoba: (que traducido di) Si, pois felicítolle.

Sra. Alcaldesa: E... Begoña.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Boas tardes a todas e a todos, teño dúas preguntas de resposta oral, dúas de resposta escrita, e teño un rogo tamén. E... resposta oral, a primeira, á Alcaldesa de Mugarodos: Cando ten previsto aprobar os AND e o PEF?. A segunda tamén a Alcaldesa: Cal é o motivo polo que a súa Concelleira de Cultura non quere facer un balance da festa do polvo, na comisión, que levamos pedindo desde xullo?. De resposta escrita, á Concelleira de Cultura: Despois de levar practicamente un ano esperando pola convocatoria da comisión sobre o regulamento da escola de música, e da súa pobre resposta intentando dar largas na comisión. Cal é o motivo polo que non se quere abordar este tema cando tras falar co persoal municipal nos manifestan que están só a espera de vostede? E ó Concelleiro de Benestar, Genaro Prieto, que: Cal é o motivo polo que non sacan a concurso a empresa que presta horas de servizo de axuda no fogar? E o rogo que teño, é que me sumo o da miña compañeira Ana, que si ben hai comisións nas que si que se nos contesta con todo luxo de detalles, na Comisión de Benestar contéstasenos sempre con evasivas, ou non se nos intenta dar unha resposta, é máis, nun Pleno no que a Alcaldesa se ausentou co primeiro Tenente de Alcalde no seu momento, quedou o Concelleiro de Benestar no seu lugar, e unha pregunta que eu tiña para contestar díxome literalmente -non che vou a contestar-, entón rogaría que igual que o resto do equipo de goberno pois que dan máis explicacións, gustaríame que este Concelleiro tamén as dera.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Ben, vou a intentar contestar as preguntas de resposta oral, vou empezar pola primeira: Cando ten previsto aprobar os AND e o PEF? Levaremos a... á seguinte Comisión de Facenda, á ordinaria, o informe emitido pola Interventora o 24 de outubro, e remitido pola propia Alcaldesa ao día seguinte á Xunta, na que se aborda a elaboración do PEF e a necesidade de adoptar o acordo de non dispoñibilidade de créditos, para que, como mínimo, cumprir co límite de gasto computable do ano 2018, que está cifrado en 5.015.000 €.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Ou sexa que se levará a seguinte comisión de Benestar, perdón, ...

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Levaremos o informe feito por Intervención e o remitido á Xunta de Galicia.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) Vale, grazas.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) E en canto á segunda, creo que a concelleira xa contestou, cando era Presidenta da Comisión, nunha comisión de setembro, do 19 de setembro, cando estea cerrado o expediente, porque como todo o mundo sabe, teñen que contarse os tickets por parte do persoal municipal, e teñen que conformalos con... con Recadación. Cando teñan o informe, levarémolo, non o dubide, ao día seguinte.

Sra. Roldós Iglesias: (que traducido di) A ver, e que estamos falando do mes de xullo, é sumar e restar.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Eu o mesmo lle vou a dicir, igual que me dixo o seu voceiro, voulle a transmitir a quen ten a responsabilidade que non o demore.

E... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Gracias, eu teño dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita, e teño tamén varios rogos. Vou comezar polos rogos: E... levamos pedindo desde o 28 de agosto o informe dos gastos das festas, é un informe que solicitan os 5 concelleiros en base a... ao Real Decreto dos funcionarios da Administración Local, habilitados con carácter nacional, para que nos dean, pois esa serie de gastos, dentro de isos gastos ademais ese informe é necesario, porque tamén é necesario cando se ten que tomar unha serie de decisións importantes nun Concello Pleno, como pode ser a aprobación do PEF ou e... ou o tema dos AND, que se ben o PEF o fai a Alcaldesa, hai que votalo no Pleno, entón necesitamos esta información, pois para poder desenrolar a nosa labor da oposición. Rogaría, porque xa o pedimos por escrito o día 8 de outubro, e reiterámonos o día 24, por favor rogo que se nos entregue este... este informe. Outro rogo que teño é referente a... a seguridade viario, bueno, todos coñecemos un accidente que tivo lugar en Catro Camiños, é rogaría, porque se ben é certo que a iluminación é a que é, e... cremos que se pode facer máis en materia de seguridade vial en Mugar dos. Esta persoa en cuestión, polo que lin, salvoulle a vida que levaba unha mochila, e a persoa que tivo que... que conducía o coche, dicía que non se vía por causa da... da choiva, pois unhas actuacións que se poden facer é pois desde instalación de sinais luminosos nos pasos de peóns, ou outra serie de iniciativas que pode abordar perfectamente a Policía Local, polo tanto rogaría que por favor que nese sentido tamén se traballara. As preguntas que presento son de resposta oral: Á concelleira de Cultura e Educación, María Dolores González: En que se van a gastar o cheque de 60.000 € que entregou Reganosa por rexistro? E o membro do goberno Iván Martínez: Si vostede é partidario, si vostede quere o peche de Reganosa? Á Alcaldesa de Mugar dos, María del Pilar Díaz Otero: En que teñen previsto investir a partida que otorga os orzamentos da Xunta de Galicia do 2020 en materia de innovación? E segundo tamén a.... repito a pregunta por escrito: Á vista dos requirimentos da Xunta de Galicia para elaborar o

Plan Económico Financeiro, por saltarse o teito de gasto por máis de 607.000 €, de non presentar a elaboración dos acordos de non dispoñibilidade de crédito, os cales non podería realizar a maior parte do gasto que está realizando na actualidade. Cal é o motivo de que non haxa realizado os trámites que solicitou a Xunta desde xuño e que se lle reiterou? Doume pola resposta xa, a vista de... das verbas da Alcaldesa, e xa dou esta por respostada.

Sra. Alcaldesa: Antes de que conteste a Concelleira de Cultura, e en canto os rogos, aínda que non son de resposta..., e... con respecto a seguridade vial en Unión Mugardesa, o goberno municipal xa falou co Director de Unión Mugardesa, dígoo porque alguén que está alí, máis coa propia Asociación de Nais e Pais, para retomar a alegación que fixera no seu momento, que fora aprobada por este Concello, que a fixera a Xunta de Galicia cando foi o itinerario da senda peonil, e polo tanto facer, agora que é de titularidade municipal, facer desde o Concello a memoria para poder situar alí unha rotonda, e polo tanto poder dotala de maior seguridade. Non a temos, aínda a memoria, pero si que chegamos xa a ese acordo con Unión Mugardesa e coa Asociación de Nais e Pais, e polo tanto, encargáremola tamén en breve, agora que non dependemos da autorización da Xunta, e iso como todo o mundo sabe, foi un dos motivos de que se solicitara a transferencia do vial.

E agora ten a palabra a Concelleira de Cultura.

Sra. González Lorenzo: Primeiro aclarar unha cousa Miguel, e que dixo xuño, non nullo, era o que lle dicía, en xuño non o pode pedir, porque aínda non hai festa, era a única aclaración, e non... non era nada. E conforme o de... a túa pregunta, non imos a gastar o diñeiro, imos a investilo, porque investir en cultura é un investimento, non é un gasto, e como pon no convenio: actividades de interese xeral do Concello, tanto como son as actividades de promoción sociocultural e festas populares e festexos, con unha duración temporal, que ten unha duración temporal ata o 31 de decembro de 2019, pero que inclúe accións e actividades feitas desde o 1 de xaneiro de 2019. Iso é.

Sr. Mahía Prados: Vale, repregunta, vostede di investir en cultura, nós estamos a favor de investir en cultura, pero para investir en cultura hai que ter os orzamentos, e unha partida de investimento como tal, porque para algo está recollido así na Lei orzamentaria, na normativa obrante ó respecto, e mentres non apareza na partida de investimento, son gastos, entón é un gasto de 60.000 € para cultura. E... a pregunta fágoa porque nós propuxemos na propia Comisión de Cultura, pois que se fixera o dúatlon do Seixo, que era algo que se... tínhamos coñecemento que se pediu, e que se dixo que non había, pois que non había cartos para poder facelo. Nós pensamos que se é un investimento en cultura, imos obviar a resposta que din eu agora, e cómprolle a súa, se é un investimento en cultura pois creo que é un bo investimento para facer, para fomentar a cultura e o deporte no Seixo, porque é moi raro, non, ou sexa, e... aclarareina despois, na seguinte.... na seguinte, cando me dea o seu compañeiro a resposta, aclarareillo, o sentido tamén da súa pregunta. Nada máis.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sra. González Lorenzo: Un momento, vólvolle a dicir, volve a nomear o dúatlon do Seixo, ensíneme o rexistro onde se pide a realización dunha proba deportiva de dúatlon no Seixo, e cando o teñamos, falaremos diso, de momento non está solicitado.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Mahía Prados: No, no, pero pregunta-resposta, pregunta-resposta, era así non.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Martínez González: (que traducido di) Eu o que quero ter é unha biblioteca pública, en cine Zárate.

Sra. Alcaldesa: Si, si, Miguel.

Sr. Mahía Prados: Perfecto, eu tamén quero unha biblioteca pública, no Zárate non, porque a maioría do Pleno..., do Pleno non, da... da Corporación decidiu que non, os proxectos unilaterais non funcionan así. Eu pregunto porque o cheque de 60.000 € que meteu Reganosa, que fixera na pregunta anterior, e... chámame moito a atención que a diferenza entre a reunión na cal o Concello dicía si a favor de Reganosa, coa Alcaldesa, e máis teño unha cousa de vostede, porque vostede sae con Yolanda Díaz pedindo o peche de Reganosa, isto é a campaña de xuño de 2016, creo que esta é vostede, a que está aquí ao lado de Yolanda, e entón chócame un pouco que vostede estea en contra de Reganosa, pero ao mesmo tempo comparta goberno con unha persoa que está a favor de Reganosa, e que por iso hai un cheque aí de 60.000 €, entón eu tamén quero unha biblioteca pública, por suposto, de todos modos, e quero máis, creo que todos a levamos no programa electoral, pero quero recordarlle unha cousa, no Pleno, que é o soberano dun concello, temos que decidir entre todos, non o que dixo un grupo só, é o que ten a democracia, non as tiranías. E... por último, en repregunta a súa referente a esta de... se quere pechar ou non Reganosa, pode responder á pregunta por favor? Quere pechala ou non quere pechala. É moi sinxelo.

Sra. Alcaldesa: Iván

Sr. Martínez González: (que traducido di) Eu vou a insistir en que siga apostando pola cultura, e sobre todo pola educación.

Sr. Mahía Prados: (que traducido di) E eu insístolle a vostede que responda cando lle preguntan.

Sra. Alcaldesa: Ben, antes de... antes de pasar a... a palabra a José Angel que é o seguinte que a ten, quero dicir que o Concello de Mugardos leva asinando, creo que o único ano que non asinou o convenio de colaboración con Reganosa, e que foron incapaces de abrir o Centro de Interpretación de Caldoval, foi cando vostedes sustentaron a Alcaldía, o resto, o Concello de Mugardos sempre asinou dunha contía ou outra, convenios de colaboración con Reganosa para as actividades culturais, deportivas, festexos e demais actividades.

Sr. Mahía Prados: O Alcalde de Mugar dos era Juan Domingo de Deus, non Emilio Bruquetas, Pilar.

Sra. Alcaldesa: Por favor, por favor..

Sr. Mahía Prados: Aquí o que non..., si, pero o que non se pode facer é que en función de que cando veña o presidente da empresa de turno e di: tes que facer a..., tes que votar a favor de Reganosa ou tes que apoiar a Reganosa, eu douche os 60.000 €. para os gastos que tes de cultura e educación. Aquí o Alcalde elixeo o pobo, non o directivo dunha empresa.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Co ben que quedaras felicitando a Alcaldesa. José Angel.

Sr. Martínez Bardanca: Non se recolle a intervención, por non ser audible.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) Si, pois queremos dicir que con esta aprobación das resolucións de facturas, coa 31, coa 44 e coa 45, afortunadamente recuperamos a confianza das empresas que traballan no Concello, e teñen contratos co Concello, e as empresas que tamén subministran ao Concello, e que executan diferentes traballos ao Concello, e que polo tanto, non só pagamos a 31, senón que nesta semana pagamos a 31, a 44 e a 45.

Sr. Martínez Bardanca: Non se recolle a intervención, por non ser audible.

Sra. Alcaldesa: (que traducido di) O peor que existe na política é o rancor, José Angel. Levántase a sesión.

E sendo as vinte horas e vinte e tres minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA